




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B SPR	Documento 1051A10FZI	
Código de verificación  233M 714B 5R52 586F 0B8E	Expediente 105/2025/1520	
	Fecha 29-04-2026	

## 10\_ ANUNCIO SOBRE REVOCACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO 2025/2026 POR INCUMPRIMENTO DE REQUISITOS

A concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 129 do 05/07/2024), aprobou o 12/03/2025 a *convocatoria para o pagamento de comedores escolares para o curso escolar 2025/2026, por un importe total de 2.253.000,00 euros.*

Como consecuencia do acordo anterior, publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña un extracto da convocatoria o día 17/03/2025 (BOP núm. 51) e na Base de Datos Nacional de Subvencións con número de identificación: 819848.

Instruído o procedemento de convocatoria a Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, resolveu o procedemento mediante resolución do 17/09/2025 (RES/AYT/16107/2025) na que se aprobada a listaxe con CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 que contiña de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

### B.- CONTIDO DO ANUNCIO

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local resolveu o 23/04/2026 (RES/AYT/7298/2026) a revogación definitiva de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2025/2026 cuxa parte dispositiva se detalla no anuncio que se indica e identifica a continuación para o coñecemento das persoas solicitantes e interesadas, en cumprimento do establecido nos apartados 12 e 15 da convocatoria que regula estas axudas:

**PRIMEIRO.-** Declarar a revogación definitiva e perda do dereito á cobranza da axuda económica concedida o 17/09/2025 pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade (RES/AYT/16107/2025), na que se aprobada a listaxe con CSV 2E6F 1U1Z 1V2C 2D5W 15X3 para o pagamento de comedores escolares no curso escolar 2025/2026, respecto das persoas incluídas nas seguintes listaxes, por incorrer nas causas de baixa contidas no apartado 14.2 da convocatoria aprobada pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade o 12/03/2025.

- (...).
- 10\_Listaxe de persoas afectadas pola revogación definitiva e aceptación de renuncia parcial. CSV 623G 1S4H 2H17 0K2C 0IZ9.

As listaxes recollen por filas cada unha das axudas afectadas pola revogación, o requisito da convocatoria cuxo incumprimento a motiva e a data na que se producen os efectos con carácter total ou parcial.

**SEGUNDO.-** Aceptar a renuncia presentada pola persoa beneficiaria de bolsa comedor escolar para o curso escolar 2025/2026 incluída na listaxe con código seguro de verificación CSV (...), para a que figura na columna "motivo" a lenda "RENUNCIA PARCIAL" e declarar concluído o procedemento vinculado á súa solicitude de axuda.

A listaxe recolle o expediente afectado pola renuncia xunto coa información relativa á concesión, importes, o rexistro no que se presenta a renuncia así como a data na que se producen os efectos.



As anteditas revogacións e a aceptación da renuncia supoñen unha economía no programa de 13.260,54€ na convocatoria de bolsas comedor para o período 2025-2026, que se desglosa en 2.512,44€ na anualidade de 2025 e 10.748,10€ na anualidade 2026.

**TERCEIRO.-** Publicar un anuncio do órgano instrutor que lle dea publicidade ao acordo anterior e que servirá de notificación colectiva, que se acompañará da listaxe de uso público sinalada no apartado anterior no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, de conformidade co establecido no apartado 12.2 da convocatoria, e na páxina web dos servizos sociais municipais.

**CUARTO.-** Darlle conta á Intervención municipal desta resolución para os efectos de comunicar as revogacións definitivas, a aceptación da renuncia e axustes das concesión iniciais de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso 2025/2026 á Base de Datos Nacional de Subvencións.

**QUINTO.-** Advertirlle as persoas interesadas que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, poderá interpoñer os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo de un mes, que se contará dende o día seguinte ao de recepción da notificación. A interposición do recurso non suspenderá, con carácter xeral, a execución do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 39/2015.
- Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados e tribunais da dita orde, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da recepción da notificación.

A listaxe que acompaña este acordo recolle por filas, para cada persoa solicitante, os seguintes campos:

DENOMINACIÓN DA COLUMNA	EXPLICACIÓN DO CONTIDO DA COLUMNA
IDENTIFICADOR DA CONCESIÓN	Número de expediente asociado
CENTRO	Centro educativo asociado á bolsa comedor
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	Importe total curso 2025/2026 tras a revogación total ou parcial proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO CORRENTE	Importe imputable á anualidade 2025 tras a revogación total ou parcial proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO SEGUINTE	Importe imputable á anualidade 2026 tras a revogación total ou parcial proposta
MENSUALIDADE ( SETEMBRO-XUÑO)	Importes mensuais atendendo á modificación tras a revogación
INCUMPRIMENTO REQUISITO CONVOCATORIA	Motivo que provoca a revogación da axuda de conformidade co previsto no apartado 14.2 da convocatoria.
EFFECTOS	Momento no que se producen os efectos da baixa

## C.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO

A información relativa ao procedemento de revogación de axudas para o pagamento de comedores escolares curso 2025/2026, pode consultarse nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal:  
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:  
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>

Contra a resolución da Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade á que se refire este anuncio, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse calquera dos seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da recepción desta notificación.
- Recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses. No caso de que a persoa interesada tivese presentado un recurso de reposición de modo previo, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contarse a partir da notificación da resolución expresa do recurso con carácter xeral. No caso de desestimación presunta a interposición do recurso contencioso-administrativo non está suxeita a un prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).



# Concello da Coruña

**Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar o recurso de reposición é dende o día 30 de abril de 2026 ao 29 de maio de 2026, ambos incluídos.**

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

O órgano instrutor,

A xefa de Servizo de Acción Social